NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas – IMG		
Número expediente:	Documento:	
CON/53/2013	CONYI0BU	
4I5N682Z5Z54634R0Z5S		

ACTA DE VALORACIÓN DAS MELLORAS PRESENTADAS PARA A LICITACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DA EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA-AMBIGÚ NA CASA DO CONCELLO.

Na Sala de Xuntas, ás doce horas e trinta minutos do día 12 de maio de 2014, reúnese a mesa de Contratación, constituída como órgano asesor no procedemento aberto seguido para a contratación da explotación da cafetería-ambigú na Casa do Concello, formada por:

D. José Manuel Blanco Suárez, que actúa como presidente

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral
D. Manuel G. Antón Villamil, Interventor Accidental
Dna. Soledad Rivas López, Técnico de Patrimonio
D. Pablo Mauriz Romero, Concelleiro delegado para asuntos de persoal
D. Gonzalo Iglesias Blanco, representante do grupo municipal do Partido Popular

Actúa como Secretario D. Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección Contratación

A presidencia da por iniciada a sesión, concedendo a palabra ao Sr. Secretario da Mesa que da conta do informe emitido polo técnico D. José M. Saavedra Pantín, sobre as melloras presentadas pola empresa Hostelería López y Dopico S.L., e que en resume di:

A proposta do licitador divídese en tres melloras ofertadas: Pintado do local: 600,00 euros, Tarima flotante: 1.000,00 euros e Enseres e mobiliario: 1.400,00 euros.

Contrastada a oferta realizada cos prezos de mercado e baixo este criterio valorada, resulta:

O "pintado do local" resulta lixeiramente sobrevalorado dada a superficie a pintar, propoñendo unha puntuación de 2,8 puntos.

En canto á proposta da colocación de "tarima flotante", se temos en conta a superficie do local, prezo de mercado de material e da man de obra, considerase claramente insuficiente o orzamento ofertado. Sinálase o bo estado actual do chan existente. Proponse unha puntuación de 1 punto.

En relación coa proposta de "enseres e mobiliario" valorado xenericamente en 1.400,00 euros, e ante a indefinición da proposta presentada non se pode realizar unha avaliación obxectiva.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Non obstante indicar que o prego de cláusulas administrativas particulares esixe que as melloras deben estar avaliadas económicamente, tanto individualmente como en conxunto. Puntuación proposta: 0 puntos.

A mesa ratifica o informe presentado, outorgando á empresa Hostelería López y Dopico S.L. unha puntuación de 3,8 puntos.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as doce horas e corenta minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo o Sr. Presidente

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es